

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 7 de xuño de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-313, treito Coirados-Pardavila, punto quilométrico 1+380-3+330, de clave PO/16/266.06.

Con data 29 de maio de 2019, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito.

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 20, do 29 de xaneiro de 2018, publicouse o Anuncio do 10 de xaneiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto construción do itinerario peonil e ciclista na PO-313. Treito Coirados-Pardavila, punto quilométrico 1+380-3+330, de clave PO/16/266.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.



Terceiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e logo de vistos os informes emitidos polas administracións afectadas, e as alegacións presentadas,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto construción do itinerario peonil e ciclista na PO-313. Treito Coirados-Pardavila, p.q. 1+380-3+330, de clave PO/16/266.06, coa seguinte modificación:

- Axustarase o deseño da senda no contorno do p.q. 2+020, ocupando ata os cerramentos existentes, para minimizar a afección á actividade empresarial da parcela situada neste punto.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Marín deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do proxecto, no que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

